

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

PRESENZA DE GALIZA NO "LIBER 2008"

Conferencias de Anxos Sumai en Catalunya

A escritora galega impartirá tres conferencias cadrando coa presenza galega na 26 edición do Liber 2008, a Feira Internacional do Libro de Barcelona, na participan 25 editoriais galegas.

Redacción - 19:00 06/10/2008

Con ocasión da apertura en Barcelona da 26 edición da feira Liber, organízanse unha serie de conferencias da escritora, tradutora e documentalista, Anxos Sumai (Catoira, 1960). Autora de obras como *Anxos da garda* (2003) que mereceu o premio da crítica como mellor obra do ano, *Melodía dos días usados* (2005), *Así nacen as baleas* (2007) ou *Perigosamente normais* (2008), Sumai foi galardoada co premio "Blanco Torres de periodismo" (2007), "Repsol de novela curta" (2007) así como os premios "Max ao mellor autor teatral" (2007) e o "Arcebispo Juan San Clemente" para novelas publicadas en galego. A súa actividade desenvólvese na rede dende o ano 2001 no portal culturagalega.org.

As conferencias están organizadas por Filoloxías Galega e Portuguesa da Universitat de Barcelona e polo Lectorado de Galego da Universitat Autònoma de Barcelona, xunto coa a Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. A Consellaría organiza tamén a presenza de 25 editoriais galegas no Liber 2008, a Feira Internacional do Libro que hogano se celebra en Barcelona do 8 ao 10 de outubro.

CONFERENCIAS ANXOS SUMAI EN CATALUNYA

Martes, 7 de outubro: Universitat de Barcelona. Facultade de Filoloxía. Carrer Aribau 2. 10:00 horas. Presenta o acto: Helena González. Anxos Sumai leva á aula unha ponencia que baixo o título "Dentro do acuario" repasa a creación na rede dende o ano 2000 ata a actualidade.

Mércores, 8 de outubro: Universitat Autònoma de Barcelona. Facultat de Lletres (Bellaterra, Cerdanyola del Vallés). 15:30 horas. Aula 113. Presentan o acto: Paulo Filgueiras e Sonia Varela. Anxos Sumai lerá unha ponencia que co título de "A onde van as palabras... cando desaparecen das pantallas" que lle serve de arrinque a unha análise sobre creación e Internet.

Venres, 10 de outubro. Ateneu Barcelonés (Canuda, 6). Sala Pompeu Fabra. 20:00 horas. Presenta o acto: Manuel Serrat Crespo, tradutor e escritor. A escritora Anxos Sumai abrirá nesta ocasión unha charla que, baixo o título de "Notas para unha melodía das baleas", fará radiografía da súa propia proposta creativa desde o "acuario Internet".